



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

**PROXECTO EDUCATIVO**  
**ASPECTOS CURRICULARES XERAIS:**  
**LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á**  
**DIVERSIDADE**

1/2

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

A atención á diversidade consiste en dar resposta axeitada ás distintas necesidades, intereses e capacidades do alumnado dentro dunha mesma aula.

**Os principios que rexen a atención á diversidade son:**

- **Comunicación:** promovendo a empatía, acordos e a asunción de compromisos.
- **Autonomía:** dotando ao alumnado do protagonismo no seu proceso de ensinanza, partindo das súas necesidades, capacidades, intereses,...
- **Personalización:** axustando a resposta educativa ás condicións do alumnado para promover o máximo crecemento e desenvolvemento persoal.
- **Intervención global:** contemplando ao suxeito non de xeito aislado senón no marco dun contexto social máis amplo.
- **Actividade:** mediante actuacións que promovan a implicación do alumnado, profesorado e familias para responder as súas necesidades, intereses...

A atención céntrase de maneira máis específica nos casos dos alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo.

As medida a desenvolver como resposta a atención a diversidade serán a tres niveis: Centro aula e alumno.

**Respostas a nivel de centro.**

Dentro das medidas referidas ao centro e con carácter xeral, temos progresivos niveis de concreción do currículo a través da elaboración dos diversos instrumentos que concretizan o currículo, tales como o Proxecto do Centro cos documentos que o integran e que son: As Finalidades Educativas, as Programacións de Ciclo e Departamentos, a Programación de Aula, etc., e que serven de marco de referencia e guía de traballo para os profesores dese centro.

**Resposta a nivel de aula**

A realización da Programación de Aula, supón un terceiro nivel de concreción curricular, tras o realizado primeiramente a nivel da Administración Educativa, e o realizado a nivel de centro educativo. Nesa programación de aula o profesor deberá de:



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

**PROXECTO EDUCATIVO**  
**ASPECTOS CURRICULARES XERAIS:**  
**LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á**  
**DIVERSIDADE**

2/2

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

- Concretar os obxectivos do ciclo.
- Organizar e secuenciar os contidos do ciclo.
- Determinar os principios metodolóxicos a utilizar cos alumnos.
- Establecer os criterios da avaliación a utilizar.

**Resposta a nivel do alumno/a**

Ademáis destas respostas de carácter xeral que dan os profesores, tamén se dan unha serie de medidas que expresadas de menor a maior gradación son:

- a) O **reforzo educativo**, que é unha estratexia que se da de modo puntual e esporádico a algún alumno no seu proceso da aprendizaxe.
- b) As **adaptacións curriculares**, consistente nun proceso de toma de decisións sobre os elementos curriculares, que busca respostas educativas ás necesidades educativas dos alumnos.
- c) A **diversificación curricular**, que consiste nunha adaptación curricular extrema para alumnos con déficits graves e permanentes, que están destinadas a alumnos que presentan dificultades xerais na aprendizaxe, que afectan á maioría das áreas do currículo básico.
- d) A **optatividade**, que é concebida como un mecanismo de reforzo con aqueles alumnos que presentan dificultades na aprendizaxe en relación coas capacidades que se consideran básicas.